

# UN SEMINARIO PARA SABERMOS DE NÓS



A conmemoración do centenario do Seminario de Estudos Galegos (1923-2023) é unha oportunidade idónea para reivindicar a súa significación na historia científica, intelectual e cultural de Galicia, no madurecemento da súa concepción como nación europea e na reivindicación do galego como un idioma culto e plenamente desenvolvido. O Seminario foi fundado en outubro de 1923 por un grupo de estudantes universitarios, entre os que se atopaban Fermín Bouza Brey, Xosé Filgueira Valverde, Lois Tobío e Ramón Martínez López, co apoio dun profesor, Armando Cotarelo Valledor. Unha mañá do día 12 de outubro de 1923, hai agora exactamente cen anos, estes e outros estudantes iniciaron a súa aventura intelectual peregrinado desde Compostela polos camiños e paisaxes da Maía ata a casa de Ortoño, para honrar a memoria de Rosalía de Castro, recoñecéndoa así, emblematicamente, como inspiradora da súa empresa.

O Seminario naceu nun contexto que explicou moi ben Castelao en *Sempre en Galiza*, cando aínda tiña o seu recordo moi vivo, nunhas páxinas labradas en plena Guerra Civil, e inzadas a partes iguais de orgullo e de tristura, de nostalxia e de esperanza. Nelas exprésase deste xeito:

O ano 1916 xorde o movemento nacionalista, iniciado polas Irmandades da Fala. Os galeguistas saen da cidade para falar aos aldeáns no seu propio idioma e ao mesmo tempo infiltranse nas camadas burguesas. Publícase a revista *Nós* –órgano da cultura galega– e o boletín *A Nosa Terra* –órgano político dos galeguistas–. Créase a editorial Céltiga no Ferrol, Lar na Coruña e a *Nós* en Compostela. Publícanse unhas catrocentas obras literarias, que consolidan e fixan a unidade do idioma. En 1923 fúndase o Seminario de Estudos Galegos para centralizar os traballos de investigación e inaugurar en Galiza unha solidariedade científica que supla as deficiencias da Universidade. Este Seminario publica numerosísimos traballos en galego e colócase á par dos mellores centros similares de Hespaña. A todo isto, as conferencias, os discursos, os folletos, as emisións por radio e demais maneiras de difusión chegaron a facer da lingua viva do pobo o idioma culto e familiar dos intelectuais. Así, nestes últimos anos, produciuse a máis completa eclosión da cultura galega, con resonancias en Portugal e no estranxeiro.

De certo, o Seminario de Estudos Galegos desenvolveuse nun ambiente intelectual embebido de galeguismo. As novas xeracións de estudantes medraran orientadas polo ideario das Irmandades da Fala e tomaron como

mestres as figuras máis significativas da Xeración Nós, como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e o propio Castelao. Non se pode entender a Galicia autónoma de hoxe sen o pulo daquelas xeracións capaces de imaxinar o futuro dun país moderno, democrático e avanzado, apoiado na súa propia cultura e identidade, recoñecido no seu propio idioma. Un proxecto que cobrou forma nos anos de ilusión e entusiasmo da II República e tomou corpo no Estatuto de autonomía de 1936. O Seminario de Estudos Galegos era unha peza fundamental daquel potente motor de soñar porvir e facer país posto en marcha polo galeguismo.

A creación do Seminario supuxo un progreso decisivo na configuración dun campo de estudos galegos, especializado nas diversas ramas das humanidades, as ciencias sociais e as ciencias naturais, pero articulado arredor dunha idea moderna, integral e integradora de Galicia e comprometida co exame dos seus problemas e a procura do seu progreso. O Seminario contemplaba Galicia como unha realidade que debía ser estudada integralmente. Uno dos seus principais obxectivos consistía na formación de novos investigadores dos diversos aspectos desa realidade. Alén disto, o Seminario abriuse como un ámbito de colaboración entre profesores e estudantes universitarios, estimulando a pesquisa innovadora, a colaboración interdisciplinaria, o traballo sobre o terreo e a aplicación práctica dos coñecementos. Ao tempo, promoveu un ideal de excelencia científica, perseguido mediante unha actualización constante, propiciada polos contactos internacionais cos centros máis avanzados, cunha política específica de intercambio con Portugal. A súa fundación trouxo un auténtico refacho de aire fresco á Universidade de Santiago.

Unha das tarefas prioritarias do Seminario foi a recolla e catalogación de información sobre Galicia: elaboración dun ficheiro bibliográfico e dun vocabulario galego, catalogación de castros, petróglifos e documentos medievais, arquivo gráfico, fontes da historia de Galicia... Entre as súas actividades máis interesantes salientan as xeirias, que eran campañas de investigación sobre o terreo para estudar comarcas galegas. Profesores e estudantes, xunto a outros intelectuais, saían das aulas para mergullarse nas

paisaxes, na vida e nas xentes do pobo. Froito destas misións foron as monografías *Vila de Calvos: notas etnográficas e folklóricas* (1930), *Parroquia de Velle* (1936) e, a máis importante, *Terra de Melide* (1933). Mais tamén promoveu as estadias de investigación no estranxeiro e as visitas de profesores foráneos, os seminarios de formación, os cursiños especializados e conferencias divulgativas. Así, organizou o primeiro curso de Literatura Galega que se deu na Universidade (1933), a Semana Cultural Galega no Porto (1935), que deu lugar ao estreitamento da irmandade de intelectuais galegos e portugueses, e o primeiro curso de extensión escolar en Pontevedra, que emitiu varias palestras pola radio (1935).

Cando estoupou a Guerra Civil, o Seminario preparaba unha colección de manuais divulgativos, con títulos sobre Xeografía, Xeoloxía e Flora, Fauna, Gramática galega, Etnografía e folclore, Música, Historia, Historia da arte, Historia da literatura e Institucións. O golpe militar fascista e a conseguinte represión arrasaron cun vendaval de violencia e terror aquel fermoso proxecto, en pleno crecemento. Máis dun terzo dos socios activos do Seminario foron vítimas daquela arroiada de espanto. Entre eles, os seus directivos e os colaboradores máis sobranceiros: o presidente, Ramón Otero Pedrayo, e o bibliotecario, Antón Fraguas (ambos os dous apartados do ensino), o secretario, Sebastián González García-Paz, os directores de sección, como Xoán López Durá e Isidro Parga Pondal (os tres expulsados da Universidade, os dous primeiros exiliados) e varios conselleiros permanentes, como Ramón Martínez López e Lois Tobío (que tamén se tiveron que exiliar). Tamén foi expulsado da Universidade Francisco Fernández del Riego, a quen este ano se dedicou o Día das Letras Galegas. Ademais dos xa citados, as vítimas inclúen dezanove asasinados (entre eles, o editor Ánxel Casal, o xornalista Víctor Casas e o artista Camilo Díaz Baliño), trinta e un exiliados (con nomes como Castelao, Rafael Dieste ou Manuel Portela Valladares) e trinta e sete represaliados dun ou outro xeito (como Fermín Bouza Brey, Ricardo Carballo Calero ou Valentín Paz-Andrade).

O Seminario contiña o xermolo dunha universidade e duns saberes propios que ían pular na Galicia autónoma que nacería en 1936, na que sería posible asentar o galego como «idioma nacional dun pobo». Co desenvolvemento do Estatuto, isto era factible. A barbarie desatada pola

sublevación reaccionaria estragou todo. O país e o idioma terían que penar unha longa noite de pedra, velaiñamente alumada pola estadea do Seminario, que Otero Pedrayo enxergou vagando entre as tebras. Os seus anhelos esparexéronse co vento e quedaron en suspenso, á espera doutra sazón. A nación tería que afanarse logo no rescate do tempo perdido, pois a semente quedou agochada na terra e acabou por xermolar. O exemplo do Seminario de Estudos Galegos continúa a inspirar unha Galicia nova, con arelas de coñecerse mellor, de autogobernarse e de progresar. Lembramos hoxe ese soño, que agromou aquí en Ortoño, a carón da casa familiar de Rosalía de Castro, nas beiras do río Sar, coa arela do mar infindo.